

Desexos de Feliz Nadal e Ano Novo dende Uruguai.

Escrito por Redaccion @valminorinfo
Luns, 06 Decembro 2010 19:41



A [Unión Hijos de Morgadanes](#) achega os seus saúdos dende Uruguai a tódolos miñoráns e especialmente a parroquia de Morgadáns, onde ten as súas raíces. Fundada a inicios do século XX en Montevideo, esta organización abeirou aos fillos de Galicia que ían arribando ao Río de la Plata e ao mesmo tempo iniciou múltiples campañas de solidariedade nos duros tempos do país.

Testemuñas daquela son o edificio da Escola de Guillufe (Morgadáns) ou a película ["Nuestras fiestas de allá"](#) rodada en 1928 por José Gil e financiada pola devandita asociación. Actualmente a Unión Hijos de Morgadanes é presidida por Roberto Pérez e integra a Unión de Sociedades Gallegas del Uruguay, que congrega as doce institucións de emigrantes afincadas na República Oriental del Uruguay